

# IV Certame de poesía Xosé A. Barral

Categorías Eso e Bacharelato

2010



## Na area

*Nun bule bule de escuma  
Que á praia asoma,  
Empurrada polas ondas,  
Achégase, coma quen pide esmola...*

## Perdida na escuridade

*Perdida na escuridade,  
Xa non podo nin pensar,  
Todos esperan de min  
Máis do que podo dar  
e eu síntome invisible,  
olvidada, en sombra  
quedo, perdida...*



## Sentimentos

*Como a brisa do mar,  
Como os raios do sol,  
como cada mañá  
Escoitando a túa voz.  
Escoitando o rebumbio  
da xente ó pasar,  
Escoitando as palabras  
Que quero escoitar.  
Palabras que matan,  
que poden voar,  
palabras que firen  
e fan recordar...*

## Quén lle roubou a Rosalía?

*Dende que ás musas  
non vendín  
O corpo polo que pago  
renda, e os beizos  
despintados de carmín  
saben a desesperación*



*lenta de onte á noite.  
Non vivo sen vivir,  
senón que existo  
como un náufrago de  
esquecemento.  
Lamento que a fe á que  
non asisto sirva de  
catecismo e ...*

## Sinto

*Nesta espesura  
profunda,  
neste ollar apagado,  
neste mundo tan  
inmenso  
vivo eu desesperado,  
vivir xa non ten...*



## Bases


1. Poderá participar todo o alumnado que estea cursando a ESO ou o Bacharelato durante o curso 2009/2010.
2. Establécense, por tanto, dúas categorías: ESO e Bacharelato.
3. Os poemas, de temática libre, presentaranse en lingua galega. Os textos terán que ser orixinais, inéditos e non ter sido premiados en ningún outro concurso. Só se poderá presentar un poema cunha extensión mínima de 20 versos e máxima de 25.
4. Enviaranse 6 copias de cada poema baixo lema ou pseudónimo. Xunto ao traballo, nun sobre aparte, figurará o lema ou pseudónimo e a categoría na que participa. No seu interior incluírase unha nota onde figuren o nome e apelidos, enderezo, nº de teléfono e enderezo electrónico (se o tivese) d@ participante.
5. As obras faranse chegar por correo ordinario ou entregaranse en sobre pechado sen remitente identificador á **Biblioteca do IES As Bizocas Balea s/n. Cp. 36988 San Vicente, O Grove (Pontevedra).**
6. A data límite de recepción de orixinais é o 5 de abril de 2010.
7. O xurado outorgará dous premios de **125 € e diploma** para o poema gañador de cada categoría.
8. O xurado, cuxo fallo será inapelable, poderá declarar os premios desertos, concedelos ex aequo, ou establecer mencións de honra se así o considerase.
9. A decisión do xurado comunicarase ao gañador ou gañadora e anunciarase a través dos medios de comunicación o 19 de abril de 2010.
10. Os poemas gañadores serán musicados, e estreados no Festival **Música nas túas palabras**, que terá lugar a finais de xuño de 2010, acto no que se entregarán os premios
11. Os traballos premiados quedarán en propiedade do IES As Bizocas para a súa publicación, os restantes serán destruídos.
12. A participación nesta convocatoria implica a aceptación de todas e cada unha das normas contidas nas bases.

**Coa Colaboración da Concellaría de Cultura do Concello de O Grove, do Equipo de Normalización Lingüística do IES AS Bizocas, a Compañía da Radio Televisión de Galicia e o IES Monte da Vila**



**Biblioteca  
Dpto. música**






### Un esforzo compartido



Fundada durante o curso 2006/2007, a **Orquestra Orff IES As Bizocas** supón a cristalización dunha iniciativa que tiña por obxectivo crear unha formación estable que se servese dos instrumentos propios da dotación dunha aula de música no ensino secundario do noso tempo.

Está formada por 20 alumnos e alumnas pertencentes a tódolos cursos que se imparten no centro, de 1º a 4º da E.S.O. A eles súmanse antigos compoñentes que queren seguir deste xeito vinculados á nosa comunidade educativa.

### Unha experiencia de música e letra



O repertorio da orquestra confórmase mediante a adaptación de pezas pertencentes á chamada música clásica (Mozart, Händel, Satie...), pezas compostas expresamente para este tipo de conxunto instrumental (Wuytack, Orff...) e as novas composicións realizadas ao abeiro do **Certame de poesía Xosé A. Barral**. No festival de fin de curso, **Música nas túas palabras**, fúsiónanse música e letra; lese unha selección dos poemas presentados a concurso e, como broche final, interprétanse os poemas gañadores do concurso, previamente musicados e ensaiados.

### Un pretexto para o encontro



Desde o comezo, este é un proxecto que se pretendía vinculado ao resto de iniciativas postas en marcha no noso instituto e coa actividade cultural do concello de O Grove. E hoxe é o día en que os actos da orquestra contribúen ao acontecer da vila.

Neste 2010 comeza a súa colaboración coa **Asociación Wuytack de Pedagogía Musical**.

Contacto: [orff.asbizocas@gmail.com](mailto:orff.asbizocas@gmail.com)